

**MOCIÓN RELATIVA A RETIRADA DA EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA  
TITULADA “A CRIMINALIZACIÓN DE PENSAMENTO” DO COLECTIVO  
REPUBLICANO.**

PLENO 30 DE NOVIEMBRE 2017. ACTA 013/2017

ANTECEDENTES:

Moción do conxunta do día 23.11.2017 con número 2017-E-RC-17055 que se transcribe a continuación:

*“O Colectivo Republicano de Redondela, como vén sendo habitual, organiza actos conmemorativos da 2ª República instaurada democraticamente o 14 de abril de 1931. Este ano, entre outros actos, organizouse unha exposición fotográfica titulada “A Criminalización Do Pensamento”, a cal amosa fotos de como o poder reprime diferentes mobilizacións, que poden facer rexurdir a loita de clases anestesia polos diferentes pactos sociais.*

*Na semana do 16 de abril o Colectivo Republicano solicita no rexistro do Concello un espazo no Multiusos da Xunqueira para exhibir a exposición ao público. Días máis tarde a concelleira de cultura ponse en contacto co representante do colectivo, para comunicarlle que nesas datas non se podía poñer, por estaren todos os espazos ocupados. Ao final acordouse por ambas partes pospoñer dita exposición até despois do verán.*

*O 27 de setembro, primeira data dispoñible, ábrese ao público a exposición. O 30 o Colectivo Republicano recibe un correo do Multiusos da Xunqueira dicindo que a devandita foi retirada por orde da concelleira de cultura.*

*O Concello alegou como motivo para retirar a exposición a queixa do sindicato con tinguiduras ultra-nacionalista (UFP). Que alegaba que unha frase da exposición “2017 A policía segue mallando na xente que reivindica os seus dereitos, que pasa aquí?” incita o odio á policía, indicando que os elementos da exposición atopábanse nas dependencias da policía local.*

*O partido popular por decisión propia, sen base xurídica ningunha, retira a exposición con nocturnidade e alebosía, sen estar presentes ninguén do colectivo e comunicándonolo o día seguinte por medio do Multiusos da Xunqueira nun correo electrónico, pisoteando os nosos dereitos e a nosa liberdade de expresión e defensa.*

*A ordenanza reguladora de uso privativo ou aproveitamento especial de edificios, locais e instalacións municipais do Concello de Redondela (BOP 6 de xuño de 2017) non dá competencias ao concello para retirar a exposición, tal e como indica a lei 4/2015 no seu artigo 32, aptdo 3. O que di a Lei 4/2015 no seu artigo 5, aptdo E “o único ente público autorizado a retirar a exposición e a Subdelegación do Goberno”.*

*A C.E. no seu artigo 20, punto 1, aptdo a, di: “a expresar e difundir libremente los pensamientos, ideas y opiniones mediante la palabra, el escrito o cualquier otro medio de reproduccion”.*

*O punto 5 do mesmo artigo di: “solo podra acordarse el secuestro de publicaciones, grabaciones y otros medios de informacion en virtud de resolucion judicial”*

*Por todo iso o Colectivo Republicano de Redondela, solicita ao Pleno a adopción dos seguintes:*

**ACORDOS:**

*Repoñer a Exposición secuestrada na maior brevidade posibel, no mesmo recinto e lugar coa mesma temporalidade*

*A demisión do alcalde e vicealcaldesa de Redondela como máximos reponsabels do secuestro da liberdade de expresión.*

*A Reprobación da Concelleira de Cultura por aplicar ordes sen base legal ningunha”*

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

*Sometida a moción a votación, a proposta resulta aprobada, sendo 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 9 votos en contra do PP.*